(c) Outras achegas de socios

As subvencións concedidas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) outorgadas para financiar gastos xerais de funcionamento da empresa, e que non están asociadas a ningunha actividade ou área de actividade en concreto senón o conxunto das actividades que realiza a Sociedade, recoñécense no patrimonio neto no epígrafe de Outras achegas de socios (véxase nota 4 (f)).

No exercicio 2023 a Sociedade recibiu un importe de 1.710,30 euros pola achega realizada dun terreo. No exercicio 2024 non recibiu ningunha cantidade por este concepto.

(15) Subvencións, Doazóns e Legados Recibidos

O movemento das subvencións, doazóns e legados recibidos de carácter non reintegrable é como sigue:

	Euros	
	2024	2023
Saldo inicial	405.199,26	455.719,73
Traspasos á conta de perdas e ganancias (neto de efecto fiscal)	(50.483,44)	(50.520,47)
Saldo ó 31 de decembro	354.715,82	405.199,26

O organismo concedente das subvencións de capital en anos anteriores foi en todos os casos a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), e destináronse integramente a financiar as adquisicións de inmovilizado especificadas nas notas 5 e 6 da presente memoria.

(16) Pasivos Financeiros por Categorías

(a) Clasificación dos pasivos financeiros por categorías:

A clasificación dos pasivos financeiros por categorías se mostra de seguido:



005794471

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das contas anuais

31 de decembro de 2024

	Euros	
	2024	2023
Pasivos financeiros a coste amortizado		
Outros pasivos financeiros	123.391,41	17.346,27
Acredores varios	1.881.281,65	1.583.367,74
Outras contas a pagar	41.807,68	16.867,47
Total pasivos financeiros	2.046.480,74	1.617.581,48

(b) Débedas:

O saldo a 31 de decembro de 2024 e 2023 do epígrafe de outros pasivos financeiros correspóndese principalmente a débedas cos provedores de inmovilizado, sendo o seu vencemento a menos dun ano.

(c) Acredores Comercias e Outras Contas a Pagar:

O detalle de acredores comerciais e outras contas a pagar é como segue:

	Euros	
	2024	2023
	Corrente	
No vinculadas		
Acredores por prestación de servizos	1.881.281,65	1.583.367,74
Débedas co persoal	41.807,68	16.867,47
Débedas coas Administracións Públicas (nota 18)	97.707,05	309.343,22
Anticipos de clientes	6.864,09	14.324,25
Total	2.027.660,47	1.923.902,68

Dentro de acredores por prestación de servizos inclúese un saldo pendente con entidades vinculadas por importe de 8.748,73 euros no ano 2024 (18.013,10 euros en 2023).

(17) **Información sobre o período medio de pago a provedores. Disposición adicional terceira. "Deber de información" da Lei 15/2010, do 5 de xullo"**

A información sobre o período medio de pago a provedores é como segue:



CLASE 8.ª



005794470

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das contas anuais

31 de decembro de 2024

	2024 (días)	2023 (días)
Período medio de pago a provedores	12,34	9,11
Ratio das operacións pagadas	8,86	6,11
Ratio das operacións pendentes de pago	35,33	44,97

	Imp. 2024 (euros)	Imp. 2023 (euros)
Total pagos realizados	9.256.501,06	12.827.939,06
Total pagos pendentes	1.401.062,42	1.073.862,02

Dende o ano 2021 utilízase a data do certificado ou acta de conformidade da prestación do servizo ou entrega de bens, e no seu defecto a data da entrada da factura no sistema de pagos de Retegal.

Os prazos de pago das facturas dos anos 2024 e 2023 foron os seguintes:

	2024	
	Núm. Facturas	Importe pagado (euros)
Igual ou inferior ao prazo legal	969	9.048.541,20
Superior ao prazo legal	138	207.959,86
	1.107	9.256.501,06

	2023	
	Núm. Facturas	Importe pagado (euros)
Igual ou inferior ao prazo legal	1.041	12.789.402,99
Superior ao prazo legal	31	38.536,07
	1.072	12.827.939,06

(18) Situación Fiscal

O detalle dos saldos coas Administracións Públicas é como segue:

	Euros			
	2024		2023	
	Non corrente	Corrente	Non corrente	Corrente
Activos				
Activo por imposto diferido	20.889,21		21.319,95	
Outros créditos con AAPP		61.236,05		3.738,57
Activo por imposto corrente		208.445,52		126,84
	20.889,21	269.681,57	21.319,95	3.865,51
Pasivos				
Pasivos por imposto diferido	118.238,42		135.066,26	



005794469

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das contas anuais

31 de decembro de 2024

Imposto sobre o valor engadido, IRPF e similares	51.729,72	256.353,02
Seguridade Social	45.977,33	52.990,20
	<u>215.945,47</u>	<u>444.409,48</u>

Activo por imposto diferido inclúe o 30% da amortización do exercicio 2014 e 2013 non deducible fiscalmente que a Sociedade comeza a deducir no exercicio 2016.

O pasivo por imposto diferido corresponde ao efecto fiscal das subvencións de capital rexistradas formando parte do patrimonio neto (véxase nota 15).

A Sociedade ten pendentes de inspección polas autoridades fiscais os seguintes exercicios dos principais impostos que lle son aplicables:

Imposto	Exercicios abertos
Imposto sobre Sociedades	2020-2023
Imposto sobre o Valor Engadido	2021-2024
Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas	2021-2024
Seguridade Social	2021-2024

Como consecuencia, entre outras, das diferentes posibles interpretacións da lexislación fiscal vixente, poderían xurdir pasivos adicionais como resultado dunha inspección. En todo caso, os Administradores da Sociedade consideran que devanditos pasivos, caso de producirse, non afectarían significativamente ás contas anuais.

A conciliación entre o importe neto dos ingresos e gastos do exercicio anual terminado o 31 de decembro de 2024 e 2023 e a base imponible, así como o importe da conta a pagar ou devolver por imposto sobre sociedades é como segue:

	2024					
	Euros					
	Conta de perdas e ganancias			Cambios no patrimonio neto		
	Aumentos	Diminucións	Neto	Aumentos	Diminucións	Neto
Saldo de ingresos e gastos do exercicio	1.144.314,01	-	1.144.314,01		(67.311,28)	1.077.002,73
Imposto sobre Sociedades	386.187,45	-	386.187,45		16.827,84	403.015,30
Diferenzas permanentes	14.248,36	-	14.248,36			14.248,36
Diferenzas temporarias	31.282,17	-	31.282,17			31.282,17
Con orixe no exercicio		(1.358,46)	(1.358,46)			(1.358,46)
Con orixe en exercicios anteriores		(26.372,19)	(26.372,19)		50.483,44	24.111,25
Base imponible, resultado fiscal			<u>1.548.301,35</u>			<u>1.548.301,35</u>



005794468

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das contas anuais

31 de decembro de 2024

Cota ao 25%	387.075,34
Deducións en cota	(1.318,61)
Retencións e pagos a conta	<u>(594.075,39)</u>
Imposto sobre sociedades a devolver	<u>(208.318,66)</u>

	2023						
	Euros						
	Conta de perdas e ganancias			Cambios no patrimonio neto			
	Aumentos	Diminucións	Neto	Aumentos	Diminucións	Neto	Total
Saldo de ingresos e gastos do exercicio	2.652.186,30	-	2.652.186,30	-	(67.30,62)	-	2.584.825,68
Imposto sobre Sociedades	884.781,51	-	884.781,51	-	16.840,15	-	901.621,66
Diferencias permanentes	2.158,26		2.158,26	-	-	-	2.158,26
Diferenzas temporarias	53.633,14	-	53.633,14	-	-	-	53.633,14
Con orixe no exercicio	-	-	-	-	-	-	-
Con orixe en exercicios anteriores	-	(26.372,21)	(26.372,21)	-	50.520,47	-	24.148,26
Base imponible, resultado fiscal			3.566.387,00			-	3.566.387,00
Cota ao 25%							891.596,75
Deducións en cota							(1.318,61)
Retencións e pagos a conta							(824.264,93)
Imposto sobre sociedades a pagar							66.013,21

A relación existente entre o gasto por imposto sobre beneficios e o imposto do exercicio detállase a continuación:

	Euros	
	2024	2023
Saldo de ingresos e gastos do exercicio antes de impostos	1.530.501,47	3.536.967,81
Diferencias permanentes	14.248,36	2.158,26
Diferencias temporais	<u>31.282,17</u>	<u>53.633,14</u>
Imposto ao 25%	386.187,45	884.781,51
Gasto por imposto sobre beneficios	<u>386.187,45</u>	<u>884.781,51</u>



005794467

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das contas anuais

31 de decembro de 2024

O detalle do gasto por imposto sobre beneficios é como segue:

	Euros	
	2024	2023
Imposto corrente	387.075,33	891.596,75
Imposto diferido	(887,88)	(6.815,23)
	<u>386.187,45</u>	<u>884.781,51</u>

O movemento dos activos/pasivos por imposto diferido é o seguinte:

	Euros	
	2024	2023
Activo por imposto diferido		
Saldo inicial (exceso amortización Ley 16/2012)	21.319,95	15.823,32
Traspaso a PyG	(430,74)	5.496,63
Saldo ó 31 de decembro	<u>20.889,21</u>	<u>21.319,95</u>
	Euros	
	2024	2023
Pasivo por imposto diferido		
Saldo inicial (subvencións)	135.066,26	151.906,41
Traspaso a PyG	(16.827,84)	(16.840,15)
Saldo ó 31 de decembro	<u>118.238,42</u>	<u>135.066,26</u>

(19) **Información Medioambiental**

Dada a actividade á que se dedica a Sociedade, esta non ten responsabilidades, gastos, activos, provisións nin continxencias de natureza medioambiental que puideran ser significativas en relación co patrimonio, a situación financeira e os resultados. Por isto, non se inclúen desagregacións específicas na presente Memoria das Contas Anuais respecto a información de cuestións medioambientais.



005794466

CLASE 8.^a

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das contas anuais

31 de decembro de 2024

(20) Saldos e Transaccións con Partes Vinculadas**(a) Transaccións da Sociedade co Accionista Único**

A Sociedade celebrou e executou no exercicio 2024 e 2023 contratos coa Xunta de Galicia (Accionista Único) e coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), para a prestación dos seguintes servizos:

	Euros	
	2024	2023
Investimento para mellorar e actualizar a rede pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual (SXM)	410.000,00	410.000,00
Encomenda de AMTEGA	1.678.489,80	4.890.805,41
Convenios colaboración AMTEGA	184.160,25	181.704,78
Conexión de circuitos Gbps Backup	8.324,88	8.074,56
Outras conexións	2.191,44	6.376,56
Servizos TETRA	1.511.247,51	1.511.246,79
	<u>3.794.413,88</u>	<u>7.008.208,10</u>

A Sociedade realizou transaccións (prestacións de servizos principalmente) coa sociedade vinculada Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. de Galicia no exercicio 2024 por importe de 3.401.691,24 euros (fronte a 3.299.409,68 euros no exercicio 2023).

Asimismo realizou transaccións con outras entidades vinculadas polos seguintes importes:

	Euros	
	2024	2023
Actuacións Rede Vixilancia Forestal – Consellería do Medio rural	268.248,12	264.661,68
Outras actuacións Consellería Medio Rural	197.449,24	206.035,36
INTECMAR	4.671,45	4.671,30
Empresa Pública Seaga, S.A. – Encomenda de adecuación accesos	(28.374,27)	(7.886,63)
Empresa Pública Seaga, S.A. – Encomenda Rozas	(33.448,19)	(43.869,15)
Asesoría Xurídica Xeral	(15.000,00)	(15.000,00)
	<u>393.546,35</u>	<u>408.612,56</u>



005794465

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das contas anuais

31 de decembro de 2024

Os saldos coas partes vinculadas son os seguintes:

	Euros	
	2024	2023
Debedores:		
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)	97.647,37	2.470.998,56
Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.	968.549,07	215.288,86
Xunta de Galicia	421.113,69	753.370,80
Outras	5.876,01	2.442,56
	<u>1.493.186,14</u>	<u>3.442.100,78</u>
Acredores:		
Empresa Pública Seaga, S.A.	8.748,76	18.013,10
	<u>8.748,76</u>	<u>18.013,10</u>

(b) Información relativa aos Administradores e persoal de alta Dirección da Sociedade

Durante o exercicio 2024 os Administradores da Sociedade devengaron remuneracións por todos os conceptos por importe de 3.647,49 euros (4.342,25 euros no exercicio 2023).

Os Administradores e os membros da Alta Dirección non teñen concedidos anticipos ou créditos e non se asumiron obrigacións por conta deles a título de garantía. Así mesmo a Sociedade non ten contraídas obrigacións en materia de pensións e de seguros de vida con respecto a antigos ou actuais Administradores da Sociedade nin membro da Alta Dirección. O gasto por seguro responsabilidade directivos elevouse a 6.894,95 euros (5.941,48 euros no 2023).

O importe das remuneracións brutas devengadas no exercicio 2024 polo persoal da Alta Dirección, o cal se compón por 1 muller e 3 homes ascende a 258.224,94 euros (187.305,44 euros no exercicio 2023 – no ano 2023 unha das persoas non estivo o ano enteiro).

(c) Situacións de conflito de interese dos Administradores

Os Administradores da Sociedade e as persoas vinculadas aos mesmos, non incorreron en ningunha situación de conflito de interese que tivese que ser obxecto de comunicación dacordo co disposto no artigo 229 do TRLSC.

(21) Ingresos e Gastos(a) Importe neto da cifra de negocios

O detalle do importe neto da cifra de negocios por categorías de actividades ao 31 de decembro é como segue:



005794464

CLASE 8.^a

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das contas anuais

31 de decembro de 2024

	Euros	
	2024	2023
Ingresos transporte de sinal de TV	3.305.506,67	3.213.375,29
Ingresos transporte de sinal de radio	517.690,44	502.124,55
Outros (inclúe os contratos co Accionista Único)	9.340.344,48	12.948.482,97
	<u>13.163.541,59</u>	<u>16.663.982,81</u>

A totalidade da cifra de negocios se corresponde con operacións realizadas en España.

A practica totalidade da cifra de negocios da Sociedade dos exercicios 2024 e 2023 corresponde a contratos/encomendas a prezo fixo, sendo as condicións variables, no seu caso moi pouco significativas na cifra de negocios da entidade.

O desglose da cifra de negocios da entidade en función da duración do contrato é a seguinte:

	Euros	
	2024	2023
Contratos a curto prazo	1.685.658,86	4.902.978,07
Contratos a longo prazo	11.477.882,73	11.761.004,74
	<u>13.163.541,59</u>	<u>16.663.982,81</u>

A sociedade traballa con contratos anuais ou plurianuais, sendo en case todos os casos renovables tacitamente ano a ano. Estímase que na súa práctica totalidade seguiranse renovando salvo os expostos no epígrafe a curto prazo.

A entidade presta de forma directa a prestación de servicios ós seus clientes.

O desglose da cifra de negocios da entidade en función da tipoloxía do cliente é a seguinte:

	Euros	
	2024	2023
Cientes sector privado	4.983.480,83	5.398.673,31
Cientes sector público	8.180.060,76	11.265.309,50
	<u>13.163.541,59</u>	<u>16.663.982,81</u>

(i) Obrigas a cumprir

A Sociedade cumpre as obrigacións fronte ao cliente incluíndo as obrigacións nun acordo de entrega posterior á facturación nos seguintes momentos:

- A Sociedade a medida que completa o servizo encomendado vai cumprindo as obrigacións co cliente. É dicir, a transferencia do control prodúcese ao longo do tempo polo que se recoñecerá o ingreso en función do grao de avance do servizo.



005794463

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das contas anuais

31 de decembro de 2024

(ii) Información sobre os xuízos significativos na aplicación da norma de rexistro e valoración

O método utilizado para determinar o grao de avance e recoñecer os ingresos de actividades ordinarias foi:

- Método de produto: os ingresos recoñécense sobre a base de medicións directas do valor para o cliente dos bens ou servizos transferidos ata a data, en relación cos bens ou servizos pendentes. Os métodos de produto inclúen, entre outros, métodos tales como a identificación das unidades producidas ou entregadas, fitos alcanzados ou tempo transcorrido.

(iii) Información sobre os activos recoñecidos polos custos para obter ou cumprir un contrato cun cliente.

- Custos incrementais da obtención dun contrato.

Son os desembolsos nos que incorre a empresa para obter un contrato cun cliente e nos que non incorrería de non obterse o contrato.

Estes custos imputanse á conta de perdas e ganancias de forma sistemática e coherente coa transferencia dos bens e servizos cos que se relacionan polo que son, no seu caso, obxecto de periodificación se se espera recuperar ese importe a través da contraprestación recibida pola realización do contrato.

Os custos de obter un contrato nos que se incorreu con independencia de se se obtén o contrato ou non, rexístranse como un gasto cando se devenga salvo que a empresa teña un dereito de cobranza fronte ao cliente por incorrer en tales desembolsos.

Ao peche dos exercicios 2024 e 2023, non existen saldos pendentes de activos recoñecidos polos custos incorridos para obter un contrato.

- Custos derivados do cumprimento dun contrato.

Son aqueles que se relacionan directamente cun contrato en vigor ou cun contrato esperado que se pode identificar de forma específica; isto é, son desembolsos que xeran ou melloran un activo que se utilizará para cumprir a obrigación comprometida co cliente.

A posterior imputación á conta de perdas e ganancias destes custos realízase de forma sistemática e coherente coa transferencia dos bens e servizos cos que se relacionan.

Ao peche dos exercicios 2024 e 2023, non existen saldos pendentes de activos recoñecidos polos custos incorridos no cumprimento dun contrato.

(b) Aprovisionamentos

O detalle dos Consumos de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos é como segue:

	Euros	
	2024	2023
Consumo de materias primas e outros		
Compras nacionais	2.552.686,93	5.252.992,29
Traballos realizados por outras empresas	292.648,62	290.338,43
	<u>2.845.335,55</u>	<u>5.543.330,72</u>

(c) Cargas sociais

O detalle das cargas sociais é como segue:



005794462

CLASE 8.^a

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das contas anuais

31 de decembro de 2024

	Euros	
	2024	2023
Seguridade Social a cargo da empresa	491.094,86	524.387,69
Outros gastos sociais	22.619,66	27.191,66
	<u>513.714,52</u>	<u>551.579,35</u>

(d) Outros Resultado

	Euros	
	2024	2023
Outros gastos	(14.258,36)	(2.158,26)
Outros ingresos	25.613,44	-
Outros	<u>11.365,08</u>	<u>(2.158,26)</u>

(e) Ingresos financeiros

Durante o ano 2024 recibíronse un total de 269.204,34 euros de ingresos financeiros correspondentes na súa totalidade a intereses recibidos das entidades financeiras polos saldos mantidos nas contas correntes da entidade (no ano 2023 recibíronse 140.356,60 euros).

(22) Información sobre o persoal

O número medio de empregados da Sociedade recollido no cadro de persoal autorizado durante os exercicios 2024 e 2023, desglosado por categorías, é como segue:

	Número	
	2024	2023
Directivos	4	4
Técnicos (Titulados superiores ou medios)	10	10
Administrativos	4	4
Outros	27	27
	<u>45</u>	<u>45</u>

A distribución por sexos no final do exercicio do persoal da Sociedade é como segue:



005794461

CLASE 8.^a

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das contas anuais

31 de decembro de 2024

	2024		2023	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Alta Dirección	1	3	1	3
Técnicos (Titulados superiores ou medios)	2	8	2	8
Administrativos	2	2	2	2
Outros	1	26	1	26
	6	39	6	39

Por outra banda, o Consello de Administración da Sociedade a 31 de decembro de 2024 está composto por 6 membros, dos cales 1 e muller (en 2023 6 membros, dos cales 1 era muller).

Non hai empregados da Sociedade con discapacidade igual ou superior ao 33% (no ano 2023 non había empregados da Sociedade con discapacidade igual ou superior ao 33%)

(23) Provisións

A empresa recoñecerá como provisións os pasivos que, cumprindo a definición e os criterios de rexistro ou recoñecemento contable contidos no Marco Conceptual da Contabilidade, resulten indeterminados respecto ao seu importe ou á data en que se cancelarán. As provisións poden vir determinadas por unha disposición legal, contractual o por unha obrigación implícita ou tácita. Neste último caso, o seu nacemento sitúase na expectativa válida creada pola empresa fronte a terceiros, de asunción dunha obriga por parte daquela.

Derivado de diversas obrigas lexislativas e xudiciais, RETEGAL debe poder facer fronte a continxencias de diferente tipoloxía que se resumen a continuación:

	2024	2023
Saldo inicial Obrigas Xudiciais por desaloxo	1.773.305,26	3.090.853,00
Adicións	329.000,00	629.300,00
Retiros	(66.405,26)	(1.946.887,74)
Saldo final Obrigas Xudiciais por desaloxo	2.035.900,00	1.773.305,26
Saldo inic. Obrigas lex. abonos persoal	382.428,35	414.144,19
Adicións	63.571,36	-
Retiros	-	(31.715,84)
Saldo final Obrigas lex. abonos persoal	445.999,71	382.428,35
	2.481.899,71	2.155.733,61

(24) Honorarios de Auditoría

Audidores Asociados AAGC S.A.P. e o resto das empresas coas que mantén algún dos vínculos aos que fai referencia a lexislación vixente devengaron honorarios e gastos por servizos profesionais relacionados coa auditoría por importe de 6.200,00 euros (no ano 2023 os auditores foron A3M Auditores, S.L. e os seus honorarios ascenderon a 7.745,00 euros). Estes importes correspóndense coa totalidade dos honorarios relativos á auditoría das Contas Anuais correspondentes aos exercicios 2024 e 2023, con independencia do momento da súa facturación.



005794460

CLASE 8.^a



Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Memoria das contas anuais

31 de decembro de 2024

(25) Litixios

Durante o exercicio 2023 a Sociedade viuse inmersa nunha nova decisión da Comisión Europea relativa á axuda estatal SA.28599 (C 23/2010 (exNN 36/2010, ex CP 163/2009) concedida polo Reino de España para o despregamento da televisión dixital Terrestre nas zoas remotas e menos urbanizadas (excepto en Castilla-La Mancha) pola que, novamente, se declara incompatible co mercado interior a axuda estatal concedida aos operadores da plataforma de televisión terrestre para o despregamento, mantemento e exploración da rede de televisión dixital terrestre na zona II, coa excepción da axuda que foi concedida con arranxo ao criterio de neutralidade tecnolóxica.

Esta Decisión ven a substituír a previa Decisión 2014/489/UE, dictada o 19 de xuño a raíz dunha denuncia formulada por SES Astra, que foi anulada pola Sentencia de 20 de decembro de 2017 do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, no asunto C-70/16 P, interposta pola Comunidade Autónoma de Galicia e Retegal.

O artigo 5 da nova Decisión de 10 de xuño de 2023 establece que España, no prazo de dous meses, deberá comunicar á Comisión Europea a lista de beneficiarios que recibiron a axuda e o importe que debe ser obxecto de recuperación. No Considerando 304 da Decisión, figura un listado dos posibles beneficiarios directos da axuda, entre os que se cita a Retegal por un importe aproximado de 17 millóns de euros.

O proceso de recuperación iniciouse e está en trámite neste momento, sen que se producira ningunha decisión da identificación dos beneficiarios da axuda e si se vai a recuperar algunha cantidade no caso de Galicia.

A Sociedade considera que hai argumentos ó seu favor para a desestimación da citada reclamación e estiman que hai motivos para que durante o proceso de recuperación se estime correcto o criterio da Xunta de Galicia segundo o cal o importe a devolver sería de cero euros.

(26) Feitos posteriores

Non existen feitos posteriori ao peche dignos de mención.



CLASE 8.ª



005794459

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2024

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (en adiante RETEGAL), é a sociedade mercantil pública da Xunta de Galicia que ten por obxecto tanto a planificación, instalación, xestión, mantemento e explotación de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, como a elaboración de propostas, análises e estudos relacionados coas telecomunicacións.

En particular, constitúen parte do obxecto social de RETEGAL a promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación, por si mesma ou mediante terceiros de toda clase de infraestruturas e servizos de telecomunicacións, vinculadas ao ámbito das telecomunicacións. Tamén a prestación de actividades de consultaría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade, e en xeral, calquera materia relacionada co sector das telecomunicacións, especialmente no eido da tecnoloxía das telecomunicacións.

Así mesmo, a sociedade ten a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos autónomos no concernente á realización das actividades propias do seu obxecto social que estas lle encarguen, estando obrigada a realizalas.

Durante o ano 2024 a actividade de RETEGAL centrouse en varios eixos fundamentais:

- 1.- Manter, ampliar e consolidar a súa posición no mercado nacional e autonómico como operador neutro de servizos de radiodifusión e de infraestruturas.
- 2.- Manter, ampliar, renovar e mellorar as infraestruturas titularidade da Xunta de Galicia que son explotadas e xestionadas por Retegal, tanto activas como pasivas, co obxecto de facilitar o acceso á sociedade da información por parte de toda a cidadanía.
- 3.- Planificación, execución e operación dos encargos de xestión da secretaría xeral de Medios (SXM) e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) así como o convenio asinado coa AMTEGA e coa Consellería do Medio Rural para a ampliación e mellora da Rede de Videovixilancia forestal de Galicia.
- 4.- Administrar con eficiencia os recursos xestionados para ofrecer servizos máis competitivos, con tarifas orientadas a custos que deriven nunha mellora da calidade e accesibilidade ás novas tecnoloxías por parte da sociedade galega.
- 5.- Colaboración coa Amtega en todas aquelas actividades enfocadas ao impulso, coñecemento e implementación de novos servizos e funcionalidades baseadas nas novas tecnoloxías emerxentes, tales como o Internet das Cousas (IoT).

Xa en detalle, as actuacións máis destacadas ao longo do ano 2024 foron:

1. TELEVISIÓN

a. Múltiple autonómico de TDT

RETEGAL facilita unha cobertura poboacional do 98% para o múltiple autonómico MAUT, con 140 centros operativos, cumprindo cos obxectivos de cobertura poboacional establecidos polo Real Decreto 391/2019, do 21 de xuño, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Terrestre e se regulan determinados aspectos para a liberación do segundo dividendo dixital.

Non se pode obviar que, nunha Comunidade Autónoma como é a de Galicia, cunha alta dispersión poboacional e difícil orografía, a referida porcentaxe de cobertura supón un logro difícil de acadar.

Ao longo do ano 2024, Retegal operou e mantivo a rede oficial de difusión do múltiple autonómico, con índices de continuidade moi superiores aos comprometidos contractualmente co usuario activo no múltiple, a Corporación Radio Televisión de Galicia.



005794458

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2024

Dentro dos proxectos de mellora e mantemento da rede TDT, procedeuse a reconfiguración do múltiple autonómico MAUT tras o cese das emisións en definición estándar (SD), en base ao definido no Real Decreto 16/2023, de 17 de xaneiro, polo que se modifican o Regulamento sobre o uso do dominio público radioeléctrico, aprobado polo Real Decreto 123/2017, de 24 de febreiro, e o Real Decreto 391/2019, de 21 de xuño, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Terrestre e se regulan determinados aspectos para a liberación do segundo dividendo dixital. Esta reconfiguración posibilitou a mellora de calidade das canles de radio e TV, así como a incorporación de novos compoñentes, como a audiodescrición na segunda canle de TVG ou a sinalización para o acceso a plataforma Agalega vía HbbTV.

Para continuar evolucionando a TDT a estándares máis avanzados, no último trimestre do ano, analizouse xunto coa CRTVG a posible evolución tecnolóxica futura e as posibilidades de introdución de emisións UHD, acometendo ensaios de laboratorio para probar o estado da arte da tecnoloxía e as posibilidades de activación a curto prazo dun simulcast UHD/HD no múltiple autonómico MAUT. Ademais da realización dun estudo técnico, económico e estratéxico dos diferentes escenarios a plantear na Comunidade Autónoma de Galicia para a evolución futura da TDT e a renovación e/ou actualización da actual planta instalada, tanto a nivel cabeceira como da rede de transporte e difusión.

b. TVE

En virtude do contrato asinado co adxudicatario do servizo para a radiodifusión do sinal de CRTVE, continuouse coa prestación dos servizos para a mellora da cobertura da rede RGE (Televisión Española) na Comunidade Autónoma de Galicia obténdose, deste modo, uns índices de cobertura poboacional superiores aos tradicionalmente acadados nos despregamentos planificados e costeados polos operadores de televisión estatal.

Ademais, Retegal vén prestando o servizo de difusión do múltiple público estatal RGE-1, en 15 e 10 dos seus centros respectivamente.

c. Outros operadores de televisión.

Mantense a prestación de servizos de coubicación a concesionarios de licenzas de televisión dixital terrestre de ámbito local.

2. SERVIZOS DE RADIODIFUSIÓN

a. Radio autonómica

RETEGAL facilita os servizos de transporte e difusión á Radio Galega (RG), con 40 centros de emisión operativos que facilitan unha cobertura poboacional superior ao 96%.

Ao longo do ano 2024, RETEGAL continuou operando e mantendo a rede de difusión da Radio Galega con índices de calidade e continuidade moi superiores aos comprometidos contractualmente co seu cliente. Dentro dos proxectos de mellora e mantemento asociados aos servizos de radiodifusión, continuouse a renovación dos equipos codificadores RDS dalgúns centros para a súa inserción nos canles de radiodifusión da Radio Galega, e iniciouse o despregamento de 10 novas estacións de radio FM para ampliar a cobertura de Radio Galega Música.

b. Outros operadores de radiodifusión.

Mantense a prestación de servizos de difusión, coubicación e contribución IP a concesionarios de licenzas de FM, tanto en ámbito estatal como autonómico e local.



CLASE 8.ª



005794457

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2024

3. SERVIZOS DE COMUNICACIÓN MÓBIL: RESGAL. OPERACIÓN E XESTIÓN.

Retegal, por encomenda da AMTEGA por resolucións de datas 19 de xaneiro de 2015, 27 de outubro de 2015, 27 de xuño de 2018 e 19 de xullo do 2023, explota e xestiona a rede de comunicacións móbiles da Xunta de Galicia, específica para emerxencias e seguridade, que garante a interconexión segura, fiable e con elevados niveis de dispoñibilidade das comunicacións entre os organismos e entidades con competencias en materia de emerxencias na comunidade autónoma de Galicia, incluso en situacións extremas ou de saturación doutras redes.

Na actualidade máis de 128 organismos da administración xeral, do sector público autonómico de Galicia e do sector público local (concellos, entidades locais e consorcios provinciais) están adheridos á RESGAL. Os principais usuarios da RESGAL son AXEGA/112, UPA, 061 e o Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, ademais dos concellos e consorcios provinciais de incendios e salvamento.

A Rede RESGAL despregada baseada en tecnoloxía TETRA, conta con mais de 100 estacións radio base (TBS) e equipos de repetidores, que permiten cubrir a meirande parte do territorio, xestionando no ano 2024 preto de 711.000 chamadas.

RETEGAL vén realizando as tarefas da explotación e xestión integrais do servizo de comunicacións móbiles de emerxencia da Xunta de Galicia sen incidencias destacables e cumprindo cos obxectivos de calidade e continuidade do servizo establecidos, que ademais da operación e mantemento da infraestrutura de rede, contempla a xestión operativa de usuarios, tanto das entidades adscritas á Xunta de Galicia como doutras entidades con responsabilidades en materia de emerxencias e seguridade integradas na RESGAL.

RETEGAL, ademais da anteriormente citada xestión operativa da RESGAL, pon a disposición da rede as infraestruturas necesarias (caseta, torre e enerxía en corrente continua) facilitando, a través dos seus recursos o transporte e a interconexión entre os diferentes elementos do sistema.

Así mesmo, RETEGAL realiza e actualiza os modelos de explotación e xestión do servizo acordes coas necesidades e particularidades dos preto de 6.200 usuarios finais, configurando e integrando os diferentes perfís de usuarios para cada unha das entidades adscritas á RESGAL.

Entre as actuacións máis significativas realizadas no 2024 na RESGAL, destacan:

- Posta a disposición da Estación Transportable TETRA para asegurar as comunicacións en situacións de emerxencia.
- Xestión operativa e reprogramación de máis de 1.000 terminais TETRA de organismos, concellos e consorcios.
- Accións formativas sobre o uso e funcionalidades dos terminais de usuario no ámbito do novo plan de comunicacións desenvolvido pola AXEGA para mellorar as comunicacións en situacións de emerxencia.
- Actualización do firmware dos elementos de rede que integran a rede TETRA.
- Integración e probas do software de novos terminais.
- Probas de software para a integración de terminais convencionais nas comunicacións da rede TETRA.
- Análise da cobertura da RESGAL a petición dos diferentes organismos adheridos, en liña cos obxectivos de calidade e continuidade do servizo establecidos. Adicionalmente, realizáronse probas de cobertura en concellos non usuarios que poderían ter interese en adherirse á rede de emerxencias.
- Análise e diagnóstico de interferencias con afectación ao servizo.
- Adquisición, instalación e integración dunha nova gravadora de voz e mensaxes, en redundancia co sistema actual, necesaria para garantir a dispoñibilidade dos servizos aos usuarios finais.



CLASE 8.ª



005794456

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2024

- Definición das especificacións técnicas asociadas aos terminais homologados para o seu uso na rede RESGAL.

4. SERVIZOS DE CONECTIVIDADE E TRANSPORTE

Ao longo do ano 2024, continuouse coa prestación dos servizos de conectividade prestados por RETEGAL, destacando entre eles os prestados para a distribución da Radio e Televisión Autonómica e para a conectividade das 153 cámaras da Rede de Videovixilancia Forestal de Galicia da Consellería do Medio Rural.

Coa finalidade de garantir a continuidade e aseguramento dos servizos de conectividade e transporte prestados, durante o ano 2024 renováronse tres dos nodos MPLS máis críticos que soportan os servizos de conectividade e transporte para dotar a rede dunha maior fiabilidade.

5. REDE DE VIDEOXILANCIA FORESTAL DE GALICIA

O Consello da Xunta de Galicia, na súa sesión de 17 de novembro de 2017 aprobou a posta en marcha da Rede de Vixilancia dos espazos forestais para apoiar o labor de detección, prevención e seguimento de incendios forestais, así como o convenio de colaboración entre a consellería de Medio Rural, a AMTEGA e RETEGAL, asinado o día 9 de xaneiro de 2018, para o despregue da Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia, que articula a posta en marcha e mantemento desta Rede de Vixilancia dos Espazos Forestais ata 2022.

Retegal realiza a instalación das cámaras e infraestruturas necesarias para a activación e integración desta rede, así como a prestación do servizo de conectividade IP, albergamento, enerxía e mantemento das cámaras.

A Rede de Vixilancia dos espazos forestais de Galicia é un elemento fundamental para dar soporte aos labores de protección e vixilancia da masa forestal galega, así como para a optimización da coordinación dos medios de extinción en caso de incendio, polo que con data do 30 de decembro de 2022, subscribiuse unha nova addenda ao contrato para ampliar a prestación dos servizos de despregamento, operación funcional e/ou técnica, albergamento e conectividade da Rede de vixilancia ata o 1 de outubro de 2025.

Esta nova addenda, ademais de manter os actuais servizos de albergamento e conectividade dos centros e a ampliación de dous novos centros de telecomunicacións, incorpora un plan de renovación das cámaras de videovixilancia instaladas nas fases iniciais do proxecto, así como a adquisición dun hardware e software específico baseado en algoritmos de intelixencia artificial que posibiliten a ofuscación das imaxes captadas por algunha das cámaras que integran a Rede de Vixilancia Forestal, así como o mantemento e correctivo asociado.

A Rede de Vixilancia, a peche 2024, está integrada por 76 centros e 153 cámaras de altas prestacións, que permiten visionar máis da metade do territorio galego, incluídas as parroquias de alta actividade incendiaria.

Ao longo do 2024, realizáronse as seguintes actuacións:

- Mantemento e operación técnica dos elementos tecnolóxicos necesarios para a vixilancia dos espazos forestais de Galicia, dos elementos de fixación e gravación, do software de xestión e a integración de novas cámaras e elementos necesarios nas infraestruturas que integran a Rede de Vixilancia Forestal de Galicia.
- Albergamento en torre con acceso ao punto de enerxía e conectividade necesaria nos centros que integran a Rede de Vixilancia Forestal de Galicia.



005794455

CLASE 8.^a

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2024

- Renovación de 56 cámaras, 52 cámaras instaladas na primeira fase do proxecto instaladas en 26 centros de telecomunicacións e catro renovacións de cámaras adicionais asociadas á mellora na licitación. As cámaras renovadas incorporarán novas funcionalidades, tales como maior sensibilidade, mellora no zoom óptico, novos algoritmos de compresión de vídeo, menor consumo eléctrico e nas cámaras tipo pedestal menor peso e carga aerodinámica.
- Mantemento e operación do hardware e software específico baseado en algoritmos de intelixencia artificial que posibiliten a ofuscación das imaxes captadas de once das cámaras que integran a Rede de Videovixilancia Forestal.

6. SISTEMAS

No capítulo de sistemas, continuouse coa optimización e mantemento dos sistemas existentes para dotar a RETEGAL de ferramentas que melloren a explotación dos servizos, tales como:

- Despregamento de 10 novas emisoras FM para incrementar a difusión de Rede Galega Música na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Subministración e instalación de dous firewalls en alta dispoñibilidade para securizar as comunicacións de Retegal.
- Despregamento dunha librería de cintas físicas para a realización dun backup offline de toda a información dispoñible nos servidores e servizos de Retegal.
- Renovación de 78 radioenlaces dixitais bidireccionais de media capacidade que posibilitan a interconexión das infraestruturas titularidade da Xunta de Galicia, imprescindibles para garantir os compromisos de calidade e dispoñibilidade comprometidos por Retegal.
- Implantación dunha solución de protección avanzada tipo EDR (Endpoint Detection and Response) para minimizar os riscos de seguridade e asegurar o cumprimento da normativa neste ámbito, fundamentalmente o Esquema Nacional de Seguridade (ENS) e a normativa en materia de protección de datos persoais.
- Renovación de 12 conmutadores da rede de acceso con maiores capacidades e rendemento para garantir os compromisos de calidade (SLAs) dos servizos prestados.
- Renovación do equipamento de rede troncal MPLS en tres centros de telecomunicacións para garantir a continuidade e aseguramento dos servizos de conectividade e transporte prestados por RETEGAL.

7. INFRAESTRUTURAS

O incremento dos servizos de coubicación, especialmente no referente a operadores de telefonía móbil supuxo maiores requirimentos das infraestruturas físicas (casetas, torres, acometidas eléctricas, sistemas de enerxía...), o que requiriu tanto a realización de estudos técnicos específicos como de traballos de ampliación ou mellora, entre os que destacan:

- Substitución do centro de transformación do centro de Xesteiras por avaría, sendo substituído por un equipamento de maior capacidade.
- Actuacións de adecuación de cadros eléctricos en catro centros de telecomunicacións para atender as demandas de novos clientes.



CLASE 8.ª



005794454

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2024

- Substitución de baterías en dezaioito centros de telecomunicacións para garantir a continuidade do servizo ante cortes da subministración eléctrica.
- Adecuación da potencia contratada en once centros de telecomunicación para atender ás demandas de novos clientes e/ou optimizar o consumo de enerxía eléctrica.
- Reparación e mellora de acometidas en dezasete centros de telecomunicacións, así como o mantemento de liñas e centros de transformación.
- Contratación da subministración eléctrica dos novos centros de telecomunicacións executados en base ao encargo para a dixitalización e desenvolvemento das estratexias de Smart Villages en poboacións rurais.
- Continuación do proxecto de mellora do cableado ethernet en diferentes centros emisores.
- Roza de parcelas nos centros xestionados en base á encomenda realizada á Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA).

8. CENTRO DE XESTION E ATENCIÓN DE REDE (CEXAR)

Dentro do proceso de mellora operativa da empresa, leváronse a cabo as seguintes actuacións:

- Incorporación da xestión de novos servizos de difusión, transporte e albergamento.
- Incorporación da xestión de rede e operativa de novos servizos.
- Incorporación e modificación de procedementos para a mellora do proceso de operación.
- Mellora continua e reforzo do Centro de Xestión e Atención da Rede.
- Modificación das ferramentas de supervisión para a incorporación dos novos servizos.
- Xestión dos servizos de mantemento externo de nova contratación, transporte e infraestruturas.
- Xestión da operativa de chaves electrónicas para o acceso dos diferentes centros de telecomunicacións, así como as configuracións necesarias para dispoñer da información de accesos en tempo real.
- Verificación da activación do equipamento de supervisión dos novos centros de telecomunicacións despregados no proxecto de dixitalización e desenvolvemento das estratexias Smart Villages en poboacións rurais, así como o equipamento IoT integrado na rede iCousas.

Como indicadores do labor realizado por este centro, sirvan os seguintes:

- Xestión de preto de 3.700 incidencias e máis de 6.500 intervencións.
- Xestión de preto de 450 traballos programados.
- Xestión de preto de 2.000 accesos a centros (solicitude, confirmación e seguimento).
- Xestión de mais de 13.000 chamadas.
- Revisión e contratación dos mantementos externos:
 - Seguimento de máis de 300 revisións de infraestruturas.
 - Seguimento de preto de 350 mantementos preventivos.



CLASE 8.ª



005794453

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2024

9. ORGANIZACIÓN

Dende xa hai anos Retegal ven instaurando un novo modelo organizativo, conforme cos modelos e estándares habituais en operadores de telecomunicación. Este modelo susténtase en dous piares fundamentais:

- Orientación a servizo.
- Xestión orientada a proceso.

O proceso de implantación do novo modelo organizativo implica a toda a estrutura da empresa e, polo seu alcance e complexidade, é un proceso vivo que se realiza baixo a premisa de "mellora constante". Así, dende o ano 2014, RETEGAL vén desenvolvendo novos procesos e procedementos conforme ao modelo definido para a nova estrutura organizativa, traballos que no ano 2024 centráronse fundamentalmente nos relativos ás melloras e actualización de procedementos, tales como a implementación de sistemas de controis automáticos para as inspección técnicas de vehículos e control da lexionela, ou as actuacións necesarias para a certificación da empresa conforme a diversas normas (ISO 9001:2015, ISO 14001:2015 e ISO-45001-2018).

No eido financeiro continuouse a mellora e revisión dos procedementos contables e ferramentas asociadas, así como a análise de estado de situación e elaboración do modelo de xeración de custos e de cálculo de tarifas de Retegal.

No ano 2023 iniciouse un plan de dixitalización da sociedade que permita avanzar cara a unha organización sen papeis. Este proceso permitirá a medio e longo prazo aumentar a efectividade e eficiencia na xestión interna, mediante a dixitalización a automatización da xestión dos procesos que permita un funcionamento máis sinxelo, áxil e seguro. A primeira fase do plan de dixitalización abordou parte dos procesos realizados no eido administrativo, así como a dixitalización dos contratos formalizados cos clientes, tarefa que se finalizou no 2024.

10. CALIDADE, PROCESOS E PREVENCIÓN DE RISCOS

A implantación da nova estrutura esixiu a definición dun modelo de xestión orientado a procesos, para o cal definiuse un mapa de procesos de RETEGAL, mapa que, pola propia natureza da empresa, está en constante proceso de evolución e mellora.

No ano 2024 continuouse co esforzo realizado en anos anteriores en materia de prevención de riscos laborais (PRL), esforzo orientado tanto a nivel interno como externo, especialmente no relativo á coordinación de actividades empresariais.

A nivel interno, completáronse e renováronse os equipos de protección individual (EPI) precisos, dotando ao persoal do equipamento axeitado ás condicións específicas dos postos de traballo e impartindo formación en materia de prevención de riscos laborais.

Durante a anualidade 2024 e no marco da Prevención de Riscos Laborais realizáronse, entre outras actuacións:

- Visitas de inspección de PRL a varios centros para verificar as condicións de seguridade e no seu caso detectar posibles deficiencias, para a súa corrección.
- Adecuación das instalacións dos centros emisores de Bailadora e Xistral para garantir o cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais.
- Continuouse coa implantación e seguimento dos procedementos de coordinación en materia de prevención de riscos laborais con clientes e provedores, acadando a finais de ano unha cifra superior ás 300 empresas e os seus traballadores coa debida adecuación en materia de coordinación.



CLASE 8.ª



005794452

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2024

- Iniciada análise do estado xeral actual das infraestruturas explotadas por Retegal no ámbito da seguridade en relación aos peches perimetrais e accesos aos centros de telecomunicacións, sinalización de seguridade, posta a terra das instalacións, seguridade estrutural das torres e cumprimento das inspeccións regulamentarias dos centros de transformación, entre outros.

No eido do Medio Ambiente, acometéronse diferentes actividades vinculadas para reducir a xeración de residuos plásticos no centro de traballo, tales como a instalación de sistemas de dispensación de auga con equipos de filtrado que melloran as cualidades organolépticas da auga de consumo e reducen a cantidade de plástico producido nos centros de traballo; ou a realización de paseos de seguridade (Safety and Enviromental Walks) para verificar as condicións de seguridade e saúde dos centros e valorar diferentes aspectos medioambientais, como a xeración de residuos.

No ámbito enerxético, continuáronse as actuacións necesarias para a instalación de fontes de enerxía renovables nalgún centro de telecomunicacións xestionado por Retegal, así como a análise técnica e económica de aeroxeradores verticais para antenas de telecomunicacións.

En 2024 continuáronse os traballos para avanzar no proceso de migración da web de Retegal e a súa adaptación a Política sobre a publicación de contidos ao abeiro da Lei de Transparencia liderada por parte da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.

Durante a anualidade 2024 e no marco da consolidación, mantemento e mellora do sistema de xestión integrado (SXI), realizáronse entre outras actuacións:

- Continuouse coa análise interna das necesidades a implementar na nova ferramenta de ticketing que permitirá manter e mellorar a capacidade de Retegal para a prestación dos servizos comprometidos.
- Mellora do sistema de xestión de calidade de RETEGAL e renovación da certificación conforme aos requisitos da norma UNE-EN ISO 9001-2015.
- Mellora do sistema de xestión ambiental de RETEGAL e renovación da certificación conforme aos requisitos da norma UNE-EN ISO 14001-2015.
- Mellora do sistema de xestión da Seguridade e Saúde no Traballo. Implantáronse todos os cambios, procedementos e documentación necesaria para a renovación da certificación conforme aos requisitos da norma UNE-EN ISO-45001-2018.
- Elaboración parcial dos procedementos asociados a definición dun plan de mellora de seguridade para acadar a Certificación do Esquema Nacional de Seguridade (ENS), certificación necesaria para salvagardar os distintos eidos da organización susceptibles de ser atacados.
- En proceso de adecuación dos procedementos e medidas que Retegal ten implantados en relacións as obrigas e requirimentos normativos establecidos no regulamento xeral de protección de datos (RGPD) e na lei orgánica de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

11. ACCIÓN COMERCIAL E DE COMUNICACIÓN

A empresa ten como obxectivo, non só potenciar a acción comercial e de comunicación de RETEGAL senón tamén incrementar as prestacións de servizos sobre os xa existentes.

Así, entre as actuacións máis significativas realizadas no 2024, destacan as seguintes:

- En relación coa Rede de Emerxencias e Seguridade de Galicia (RESGAL):
 - Incrementouse o número de terminais ata un total de 6.180 terminais derivados da actualización das necesidades das entidades autonómicas e as ampliacións de entidades locais.



005794451

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2024

- Continuouse a reprogramación dos terminais de entidades locais para adecualos ás necesidades do novo plan de comunicacións desenvolvido pola AXEGA para a mellora da coordinación en situacións de emerxencia (56 reprogramacións de 10 entidades locais).
- Realizáronse accións de asesoramento e acompañamento a varios concellos na valoración e toma de decisión respecto a súa eventual adhesión á rede e/ou ampliación de terminais adheridos a RESGAL.
- Analizáronse, en colaboración coa AMTEGA, as características técnicas a desenvolver na rede para avanzar na dispoñibilidade de solucións híbridas (TETRA e 4G).
- Asesoramento a AMTEGA e AXEGA para a elaboración das especificacións técnicas dun novo acordo marco para a adquisición de terminais homologados para o seu uso na rede RESGAL.
- No tocante aos servizos de conectividade e de albergamento en infraestruturas de RETEGAL, que presta como operador neutro:
 - Incrementouse a demanda de servizos de albergamento no mercado de grandes operadores móbiles derivadas dos proxectos de ampliación de capacidade, o robustecemento da redes de backhaul por radioenlaces, a incipiente introdución da tecnoloxía 5G e os proxectos de sinerxía de custos dos principais operadores móbiles, xestionando preto de 230 peticións, ata alcanzar un total de 512 servizos de coubicación a peche do 2024. Unha parte importante das peticións de novos servizos están relacionadas cos proxectos ÚNICO 5G – Redes activas e ÚNICO 5G – Backhaul FO, lanzados pola Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais, para acelerar o despregamento de redes móbiles 5G en zonas rurais de España.
 - Reduciuse a demanda de solicitude de novos servizos de albergamento solicitados por terceiros operadores, PEMEs e empresas do ámbito privado, destinados principalmente a ofrecer servizos de banda larga inalámbricos no rural, realizándose preto de 14 ofertas de servizo, traducíndose na incorporación dun novo cliente e tres altas de servizos. Cabe destacar a caída da demanda deste tipo de servizos por parte dos pequenos operadores que empregaban solucións inalámbricas en bandas libres derivada do avance na penetración da fibra óptica en zonas rurais, o que está a provocar a redución do volume de servizos prestados neste ámbito.
 - Definíronse novas tarifas de acceso ao punto de enerxía en base á redución do custo da subministración eléctrica, formalizándose novos acordos cos principais clientes dos servizos de albergamento.
- No tocante á comunicación, no ano 2024 realizouse unha campaña de comunicación para promocionar e dar a coñecer as tecnoloxías dixitais impulsadas por parte da Xunta de Galicia na Estratexia Dixital 2030, as cales permitirán o desenvolvemento dun territorio intelixente e conectado para unha xestión sostible e inclusiva, a mellora da calidade de vida dos galegos e a revitalización económica.

12. NORMALIZACIÓN TÉCNICA E OUTROS PROXECTOS

No ano 2024 tramitáronse ante a Secretaría de Estado de Telecomunicación e Infraestruturas Dixitais (SETID):

- Elaboración e presentación ante o Ministerio de dezaseis proxectos técnicos de estacións de emisoras FM, algún dos cales están asociados ao proxecto de mellora de cobertura da Radio Galega Música.
- Certificacións radioeléctricas (14) dos centros de radiodifusión.

Adicionalmente, realizáronse traballos a solicitude doutros organismos ou entidades, tales como:



005794450

CLASE 8.^a

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2024

- A solicitude ben da Consellería de Industria da Xunta de Galicia, ben da Sub-Delegación do Goberno en Galicia informáronse 40 proxectos de parques eólicos.
- A solicitude dos concellos de Alfoz, As Pontes, Beariz, Mos, Dozón e Narón, emitíronse informes sobre eventuais afeccións ao Plan Sectorial de Implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia.

13. INNOVACIÓN

13.1. Proxecto Plan Galicia 5G

En xuño de 2018, iniciouse o **Plan Galicia 5G** que ven determinado polas estratexias nacional e europea específicas das tecnoloxías 5G (Plan Nacional 5G e Plan de Acción de 5G para Europa), e nel concrétanse as áreas estratéxicas de aplicación da tecnoloxía 5G en base ao Plan estratéxico de Galicia, a Estratexia de especialización intelixente e a Axenda Dixital para Galicia, facilitando así a participación dos diferentes axentes públicos e privados susceptibles de verse beneficiados por esta tecnoloxía.

No ano 2023, subscribiuse un novo acordo de colaboración entre a Amtega, Retegal e a Universidade de Vigo para fomentar o testeo e simulación de tecnoloxías de comunicación avanzadas sen fíos e sensorización para o desenvolvemento de diferentes probas de concepto coa utilización de tecnoloxías 5G. Deste xeito, ao longo do ano 2024, continuáronse os proxectos para analizar as capacidades e características dos casos de uso posibles utilizando frecuencias moi altas (ondas milimétricas) que permitirán a utilización da tecnoloxía 5G en servizos que requiran unha alta capacidade de ancho de banda, tales como contornas industriais, áreas de alta densidade de usuarios ou servizos de realidade estendida.

13.2. A Rede Galega de Internet das Cousas (iCousas)

Por Resolución do 22 de decembro de 2021, modificada mediante Resolución do 21 de decembro de 2022, a Amtega encargou á Retegal o despregamento, a operación, a xestión e o mantemento dunha rede de acceso a internet das cousas (IoT) para a autoprestación de servizos na Comunidade Autónoma de Galicia, susceptible de ser financiada ao 100% no marco do Eixo REACT-UE do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 como resposta da Unión Europea á pandemia de COVID-19, que ten por obxecto a execución das actuacións e investimentos necesarios para o desenvolvemento dunha rede de titularidade pública de acceso IoT no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, así como a operación, xestión e mantemento das infraestruturas de rede resultantes e a implantación de servizos sobre a mesma.

Con base no citado encargo, Retegal realizou no período 2022-2023 unha serie de actividades encamiñadas, entre outras, ao despregamento no territorio da Comunidade Autónoma dunha rede IoT cunha cobertura do 72,9% do territorio, o que supuxo a realización dunha serie de actuacións para o despregamento e posta en operación da rede de acceso en máis de 300 centros de telecomunicacións titularidade da Xunta de Galicia e outras infraestruturas públicas, así como a adquisición do software necesario para a xestión dos dispositivos e obxectos IoT, conectados á rede, e os aplicativos e bases de datos necesarios para o tratamento de información fornecida polos dispositivos.

Ao longo do 2024, continuáronse os traballos asociados a:

1. Posta en operación da rede de acceso e a plataforma software da Rede Galega de Internet das Cousas.
2. Mellora dos procedementos operativos asociados á monitorización das aplicacións e sistemas que integran iCousas, a inxesta de datos da plataforma IoT e a publicación da información recollida polos diferentes sistemas que integran a rede.



005794449

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2024

3. Proposta de modelo de explotación e dinamización do proxecto para promover a identificación das necesidades de sensorización dos diferentes organismos da Xunta de Galicia, así como a proposta do procedemento operativo necesario para a incorporación de novos usuarios á rede.
4. Operación e mellora das probas de concepto desenvolvidas no encargo de execución, tales como a monitorización de vivendas deshabitadas, monitorización de centros de procesamento de datos, monitorización de variables ambientais e monitorización da temperatura e condutividade da auga, entre outros.

14. ENCARGO PARA A MELLORA DE COBERTURA MÓBIL NO RURAL

Por razóns de eficacia, a Amtega encargou a Retegal, pola Resolución de data 31 de xaneiro de 2022, o desenvolvemento, xestión e mantemento de infraestruturas públicas no marco da actuación de extensión de redes de telefonía móbil en núcleos rurais e illados, financiado ao 100% no marco do Eixo REACT-UE do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 como resposta da Unión Europea á pandemia de COVID-19. Estas infraestruturas puxéronse a disposición do operador de telefonía móbil que resultou adxudicatario das subvencións para a extensión de redes de telefonía móbil (PR608A).

Achegándose o fin do prazo de execución constatouse que, por cuestións alleas a Retegal (indisponibilidade de terreos por parte dos concellos, non concesión de permisos precisos, etc.) resultou imposible executar todo o crédito dispoñible.

Co fin de dar un uso eficiente aos fondos públicos dispoñibles reduciuse o importe da encomenda a fin de liberar os fondos que non se empregaron e, deste xeito, poder destinados a outras actuacións.

Tendo en conta o exposto, por parte da Amtega modificouse o orzamento máximo do encargo, pola Resolución de data 25 de novembro de 2023 que modifica a resolución do 30 de decembro de 2022 que modifica a resolución do 31 de xaneiro de 2022, pola que se encarga á Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal S.A., o desenvolvemento, xestión e mantemento de infraestruturas públicas no marco da actuación de extensión de redes de telefonía móbil en núcleos rurais e illados, financiado ao 100% no marco do Eixo REACT-UE do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 como resposta da Unión Europea á pandemia de COVID-19.

Unha vez finalizada a execución do encargo en decembro 2023, ao longo do ano 2024 recibíuse o informe favorable por parte da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) respecto ao plan de prezos público definido para cubrir os custos derivados do mantemento e explotación destas infraestruturas, que deberá ser abonado polos operadores que fagan uso das mesmas.

Ao longo do 2024, puxéronse a disposición 30 novos centros derivados deste encargo.

15. ENCARGO PARA O DESENVOLVEMENTO, XESTIÓN E MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS PÚBLICAS COMO SOPORTE A DIXITALIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ESTRATEXIAS DE SMART VILLAGES EN POBOACIÓNS RURAIS

Por razóns de eficacia, a Amtega encargou a Retegal, pola Resolución de data 7 de xuño de 2024, o desenvolvemento, xestión e mantemento de infraestruturas públicas como soporte á dixitalización e desenvolvemento das estratexias de Smart Villages en poboacións rurais, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027.

As actuacións a realizar por Retegal no marco deste encargo son as seguintes:

- Execución de actuacións en 31 emprazamentos como soporte para a instalación de equipamento para a prestación de servizos dixitais avanzados na contorna rural.



CLASE 8.ª



005794448

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2024

• Análise da viabilidade de execución de 6 novos emprazamentos como soporte para a instalación de equipamento de telecomunicación para a prestación de servizos dixitais avanzados na contorna rural. As actuacións a desenvolver nos seguintes emprazamentos inclúen, segundo sexa preciso, a execución das seguintes tarefas:

- Execución das acometidas eléctricas garantindo a subministración eléctrica precisa nos mesmos, incluíndo tanto a extensión das redes de distribución da empresa de subministración eléctrica como a derivación particular ata o emprazamento.
- Construción dos centros de telecomunicación, incluíndo a validación das localizacións, adecuación de accesos e terreos, soleira para equipos, cerramento, adquisición e/ou instalación de torre soporte de antenas, sistemas de protección e distribución eléctricas e sistemas de telesupervisión.
- Enxeñaría e servizos profesionais precisos para a execución das citadas infraestruturas, incluíndo elaboración de proxectos e dirección de obra, informes técnicos específicos, análises e informes técnicos e económicos, xestións de autorizacións e tramitacións, etc.

Ao longo do ano 2024, realizáronse os traballos asociados a:

- Adquisición de terreos, procedéndose a formalizar os novos emprazamentos postos a disposición por parte dos concellos.
- Elaboración dos novos pregos e contratos derivados dos servizos e materiais necesarios para o despregamento das infraestruturas públicas.
- Construción dos centros de telecomunicacións: unha vez definidas as características técnicas das infraestruturas a executar nos emprazamentos validados, acadadas as licenzas necesarias por parte de todos os organismos sectoriais e entidades locais, e realizadas as tarefas de acondicionamento dos terreos por parte das entidades locais, realizouse a execución de 13 centros de telecomunicacións e 16 acometidas eléctricas, das cales 10 acometidas a peche de 2024 estaban pendentes de legalización por parte da distribuidora.

16. PREVISIÓN PARA O EXERCICIO 2025

No 2025 a actividade de Retegal estará marcada por:

- A continuidade na xestión, explotación e actualización dos sistemas da Rede corporativa de comunicacións móbiles dixitais de emerxencia e seguridade da Comunidade Autónoma de Galicia (RESGAL), incorporando novas funcionalidades e prestacións, como:
 - Realización dos estudos e análises necesarios para potenciar tanto a cobertura da redes como dos servizos de valor engadido por ela soportados.
 - Integración de móbiles intelixentes, que permitirá o acceso de terminais convencionais aos servizos da rede e a integración de conversacións sen necesidade de pasarelas inter-sistemas.
 - A renovación e actualización dalgún dos elementos que integran a rede RESGAL, en base a nova licitación do servizo de soporte e mantemento da rede.
- Pola súa natureza e polos obxectivos operativos da rede, requirirá de Retegal o cumprimento duns estándares de calidade e continuidade do servizos moi esixentes.
- A prestación dos servizos de telecomunicacións prestados con elevados índices de calidade e continuidade do servizo.



005794447

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2024

- Mantemento, ampliación, renovación e mellora das infraestruturas existentes, tanto activas como pasivas, con especial atención ás infraestruturas e melloras asociadas ao aseguramento da subministración eléctrica nos centros, para facilitar o acceso á sociedade da información a toda a cidadanía de Galicia.
- Operación, xestión e mantemento das novas redes despregadas en base aos novos encargos realizados, tales como a Rede Galega de Internet das Cousas (iCousas), as infraestruturas executadas para o despregamento de redes de telefonía móbil ou as infraestruturas executadas para a dixitalización e desenvolvemento das estratexias de Smart Villages en zonas rurais e illadas.
- Operación, xestión e dotación de conectividade á Rede de Videovixilancia Forestal de Galicia, en virtude do convenio e a quinta addenda ao convenio subscrita coa Consellería do Medio rural e a AMTEGA para o despregamento e mantemento da devandita Rede que en 2025 suporá un total de 153 cámaras repartidas en 76 centros de telecomunicación, así como a renovación de 32 cámaras instaladas nas fases iniciais do proxecto.
- Colaboración coa Amtega na comunicación e difusión do proxecto da Rede Galega de Internet das Cousas (iCousas) con todos os organismos da Administración autonómica co obxecto de identificar as necesidades e ámbitos de sensorización a priorizar no desenvolvemento da Plataforma Galicia Territorio Intelixente liderado pola AMTEGA.
- Incremento do papel de RETEGAL como operador neutro e obter maior visibilidade no sector público (Internet das cousas, etc.). Adecuación das infraestruturas existentes para dar resposta as peticións de servizo derivadas da implantación da tecnoloxía 5G na Comunidade Autónoma de Galicia (proxectos ÚNICO 5G).
- A adecuación dos seus produtos e servizos á demanda e posibilidades do mercado.
- Análise de novas tecnoloxías máis eficientes para facilitar a evolución futura da TDT e a renovación e/ou actualización da actual planta instalada, en base ao anteproxecto do Real Decreto polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da TDT e se regulan determinadas medidas de impulso da evolución tecnolóxica da TDT. O obxectivo final será garantir a capacidade necesaria para que todas as canles de TV poidan evolucionar no futuro a emisións UHD.
- Seguimento e mellora das normas xa certificadas (ISO 9001:2015, ISO 14001:2015 e ISO 45001:2018), e na consecución doutras novas precisas.
- Dentro do proceso de mellora continua, continuación dos traballos para a implantación dunha nova ferramenta de xestión de incidencias da rede que permitirá optimizar e mellorar os indicadores de calidade comprometidos cos clientes.

No eido financeiro, continuarase co proceso de mellora do actual sistema de xestión contable para dispoñer dunha maior información para a toma de decisións estratéxicas e operativas e axilizar os procesos de reporte da información neste ámbito, así como mellorar os procesos asociados á facturación dos clientes e servizos. Co obxecto de dispoñer dunha maior información relativa aos ingresos e custos asociados a cada servizo, continuarase o estudo de adaptación das tarifas a un novo modelo de custos á servizos, así como a súa adaptación á Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española.
- Proba e instalación de sistemas baseados en enerxías renovables nalgúns dos centros de telecomunicacións xestionados por Retegal para analizar a eficiencia e optimización enerxética acadada con este tipo de instalacións.
- Continuación dos traballos internos necesarios para acadar a Certificación do Esquema Nacional de Seguridade (ENS), así como a adecuación ao regulamento xeral de protección de datos (RGPD) e a lei orgánica de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais (LOPDGDD).



005794446

CLASE 8.^a

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.U.

Informe de Xestión

31 de decembro de 2024

- No ámbito organizacional, continuaranse coas accións definidas para adaptar a estrutura organizativa ao contexto tecnolóxico actual e garantir a continuidade e calidade do servizo, así como a planificación dos recursos necesarios para cubrir as xubilacións do persoal previstas a curto e medio prazo. Ademais de xestionar o coñecemento especializado do persoal de Retegal nos procesos de despregue e explotación de redes de telecomunicacións.

15. ACCIÓNS PROPIAS

Non se produciron adquisicións de accións propias no exercicio 2024.

16. OBXECTIVOS E POLÍTICAS DE XESTIÓN DO RISCO FINANCEIRO

A ausencia de débeda no pasivo ou de activos financeiros non comerciais no activo, determina que non existan incertezas relacionadas co risco financeiro, e non se prevén dificultades de tesourería.

17. EXPOSICIÓN DA SOCIEDADE O RISCO DE LIQUIDEZ, RISCO DE CRÉDITOS, RISCO DE MERCADO, E RISCO DE CAMBIO

O risco de liquidez ao que se atopa exposto a sociedade é reducido, mantendo suficiente efectivo e facendo unha xestión de dispoñibilidade de financiamento.

En canto ao risco de crédito, a sociedade analiza o risco de crédito de cada debedor de maneira individualizada, reflectindo as oportunas deterioracións de valor para aqueles que se consideran de dubidoso cobro. Isto realízase en base á mellor información da que se dispón en cada momento, e revisase periodicamente por se se modificaron as condicións iniciais.

O risco do mercado no que opera a sociedade é actualmente reducido.

Con respecto ao risco de interese, este non existe ao non dispor a sociedade de débedas con entidades de crédito.

Exposición ao risco de prezo: A sociedade non se atopa afectada especialmente polo risco de prezo debido a que non opera nun mercado excesivamente volátil.

A sociedade non se atopa afectada por risco de cambio ao non efectuar operacións en moeda distinta do euro.

Durante o exercicio 2024 a Sociedade non realizou operación ningunha con instrumentos derivados financeiros.



005794373

CLASE 8.ª

Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.U.

Dilixencia de sinaturas




Exercicio 2024

Reunidos os Administradores da Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas, RETEGAL, S.A.U., con data 19 de marzo de 2025 e en cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 253.2 do Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital e no artigo 37 do Código de Comercio, proceden a formular as contas anuais e o informe de xestión do exercicio comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 e 31 de decembro de 2024, que se presentan da seguinte forma:

1. As contas anuais que constan de 41 folios (asínanse dous exemplares orixinais)
 - Balance, que figura transcrito en 4 folios de papel timbrado números 005794444, 005794443 (primeiro exemplar), 005794500 e 005794499 (segundo exemplar) (incluídos).
 - Conta de Perdas e Ganancias, que figura transcrito en 2 folios de papel timbrado números 005794442 e 005794498 (primeiro e segundo exemplar, respectivamente) (incluídos).
 - Estado de cambios no patrimonio neto, que figuran transcritos en 4 folios de papel timbrado números 005794441 e 005794440 (primeiro exemplar), números 005794497 e 005794496 (segundo exemplar) (incluídos).
 - Estado de Fluxos de Efectivo, que figura transcrito en 2 folios de papel timbrado números 005794439 e 005794495 (primeiro e segundo exemplar, respectivamente) (incluídos).
 - Memoria, que figura transcrita en 35 folios de papel timbrado números 005794438 a 005794404 (primeiro exemplar) e números 005794494 a 005794460 (segundo exemplar) (incluídos).
2. Informe de Xestión que figura transcrito en 14 folios de papel timbrado números 005794403 a 005794390 (primeiro exemplar) e números 005794459 a 005794446 (segundo exemplar) (incluídos).

Así mesmo, e en cumprimento da lexislación vixente declaran asinados do seu puño e letra todos e cada un dos citados documentos, mediante a subscrición de dous (2) folios de papel timbrado números 005794372 e 005794373 (primeiro e segundo exemplar, respectivamente) (incluídos).

Asinantes:


Asdo: D. Julián Cerviño Iglesia
Asdo: D. Pedro Francisco Rojo Otero
Asdo: D. Jose María Barreiro Díaz
Asdo: D.ª Sara González Otero
Asdo: D. Ignacio José Otero López
Asdo: D. Miguel Rodríguez Quelle
Asdo: D. Enrique González Murga (Secretario Non
Conselleiro)